UN PEIXE É UN PEIXE

Texto e ilustracións de LEO LIONNI

Tradución de XOSÉ MANUEL GONZÁLEZ

Encadernado en cartoné. 22 x 27,5 cm. 40 páx. 16 €

Un peixe é un peixe (galego)
ISBN 978-84-1343-283-0. Álbum ilustrado. Tras os montes.

Un pez es un pez (castelán)
ISBN 978-84-1343-284-7. Álbum ilustrado. Clásicos contemporáneos.

Un peix és un peix (català)
ISBN 978-84-18558-90-0. Àlbum il·lustrat. Clàssics contemporanis.

Arrainak arrain (euskara)
ISBN 978-84-9172-371-4. Album irudidunak. Gaur egungo klasikoak

Um peixe é um peixe (portugués)
ISBN 978-989-749-180-1. Álbum ilustrado. Clássicos contemporâneos.

Cerca do bosque había unha lagoa. Alí, entre as algas,
nadaban un peixiño e un cágado. Eran amigos inseparables.
Unha mañá, o cágado descubriu que durante a noite
lle medraran dúas patas pequeniñas.
–Mira –dixo orgulloso–, xa son unha ra!
–Que parvada! –dixo o peixiño–. Como vas ser unha ra
se onte eras un peixe coma min!

Unha fábula sobre a amizade que anima á reflexión sobre a identidade e a forma na que accedemos ao coñecemento.

Nunha lagoa, preto do bosque, vivían dous amigos inseparables: un peixiño e un cágado. O peixiño non cría que o cágado se convertese en ra, así que discutiron e discutiron ata que o cágado decidiu marchar e explorar o mundo. Ao seu regreso, tras contarlle ao seu amigo as cousas tan extraordinarias que vira máis alá da lagoa, o peixiño tamén decidiu seguir os seus pasos. Pero axiña descobre que vivir na terra non é como imaxinaba...

En "Un peixe é un peixe" aparecen temas presentes noutras obras de Lionni, como a importancia da amizade ou a aceptación da diferenza. Trátanse, porén, de xeito orixinal, aspectos de gran profundidade: como coñecemos as cousas, como sabemos o que sabemos, como vemos aos demais ou como somos vistos por eles. Un interesante punto de partida para unha conversa sobre as nosas capacidades e o que significa non poder facer algo que outros si poden.



- **Temática:** identidade e coñecemento.
- **Idade recomendada:** a partir de 3 anos.
- **Aspectos destacables:** clásico da literatura infantil; animais do río e da lagoa, peixes, anfibios, ovíparos, metamorfose de cágado a ra; amizade, identidade, diversidade, superación, imaxinación, coñecemento do medio; do autor e ilustrador de «Nadarín», «O soño de Matías», «Pequeno Azul e Pequeno Amarelo», «A casa máis grande do mundo», «Álex e o rato de corda», «Cornelio», «Paso a paso», «Cores», «Números» e «Entre mundos» (KALANDRAKA).
- **En Kalandraka Tv:**
  https://kalandraka.tv/videos/leo-lionni_entre-mundos/
  https://kalandraka.tv/videos/meet-leo-lionni/

Leo Lionni

(Ámsterdam, Holanda, 1910 - Toscana, Italia, 1999)

Leo Lionni medrou nun ambiente artístico —a súa nai foi cantante de ópera e o seu tío Piet, un grande afeccionado á pintura— e desde moi novo soubo que ese sería o seu destino. A súa formación académica non foi artística, xa que se doutorou en Economía. En 1931 instalouse en Milán e interesouse polo deseño gráfico. Cando se trasladou a América en 1939, traballou nunha axencia de publicidade de Filadelfia, na Corporación Olivetti e na revista *Fortune*. Tamén aumentaba a súa fama como artista e as súas obras exhibíanse nas mellores galerías, desde os Estados Unidos ata o Xapón. Como el mesmo chegou a dicir: «Dalgún xeito, nalgún lugar, a arte expresa sempre os sentimentos da infancia». O seu primeiro libro para nenos, en 1959, xurdiu por casualidade: durante unha viaxe en tren ocorréuselle entreter os seus netos contándolles un conto feito con anacos de papel. Así naceu "Pequeno Azul e Pequeno Amarelo", ao que seguiron máis de 40 títulos aclamados en todo o mundo pola crítica especializada. Polos seus méritos como pintor, ilustrador, deseñador e escultor, recibiu en 1984 a Medalla de Ouro do Instituto Americano de Artes Gráficas.
https://www.leolionni.com

www.kalandraka.com
comunicacion@kalandraka.com